

¡AGORA SI QUE TE COLLÍN!

Un pequeno máis listo ca Benito sabía o catecismo do dereito e do revés. Tan ben, que el mesmo lle dicía ao señor abade que non tiña por onde collelo. Un día, o señor abade empezoulle a preguntar polo máis difícil. Pero o rapaz non fallaba unha. Seguíulle preguntando e, por fin, dunha vez o pequeno non soubo responder. Entón o crego empezoulle a dicir:

—Logo caíches, rapaz. *E* logo caíches.

Quedouse o rapaz todo avergoñado pola burla e quedouse pensando como cobrarlla ao crego. Por fin ocorreuselle preguntarlle:

—Señor abade, ¿e Deus estará no forno do meu pai?

—¡Home! ¿E logo? ¿Ti non sabes que Deus está en todas partes?

—Agora si que tamén o collín eu a vostede, señor abade, que meu pai non ten forno.